María Manuela Rodríguez Pumar, con DI 36.062.216-X, concelleira electa polo BNG, ao abeiro do regulamento orgánico municipal, presenta a seguinte moción para o seu debate en Pleno.

Moción a prol do saneamento integral do Concello de Gondomar. Parte I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A evacuación e tratamento das augas residuais é un servizo básico que o Concello de Gondomar ten que garantir, por ser da súa competencia; mais segundo recolle o borrador do PXOM de Gondomar, hai parroquias nas que a rede municipal de saneamento cobre escasamente o 10% das vivendas, e en ningunha parroquia acada máis do 70%. A carencia deste servizo obriga as veciñas e veciños a valerse de pozos negros e fosas sépticas, cuxas filtracións están a provocar a contaminación de terras, acuíferos e mananciais, deixando inutilizados pozos de auga e fontes e prexudicando os cultivos. Non é moi estraño na nosa contorna ollar o xurro nas cunetas.

A Deputación Provincial, a través do Plan Concellos, ten establecido unhas axudas económicas que os propios concellos xestionan tendo en conta as súas necesidades; son os concellos os auténticos promotores, os que definen as prioridades e os que determinan libremente as obras e actuacións a incluír no Plan. O obxectivo principal dese Plan Concellos da Deputación é, literalmente, "*buscar o equilibrio territorial, a fin de garantir a implantación e a prestación integral e adecuada dos servizos básicos de competencia municipal en todos os núcleos de poboación, con independencia da súa localización xeográfica e do seu carácter rural ou urbano para que, en definitiva, haxa as mesmas oportunidades e a seguridade dunha calidade de vida similar, vivan onde vivan as persoas*".

Ese obxectivo ven sendo incumprido polo goberno municipal de Gondomar. Dun total de 3 millóns de euros recibidos entre 2015 e 2020 do Plan Concellos da Deputación para investimentos en infraestruturas, o Concello só destinou 208.000 € a obras de novo saneamento, algunha delas aínda sen rematar. É hora xa de esixir unha mudanza na política de gastos e dar prioridade á saúde pública e a protección ambiental. Entendemos que nos atopamos diante dunha grave situación ambiental e social, porque un saneamento deficiente reduce o benestar humano, xera enfermidades, provoca perda da calidade do medio e mesmo atrasa o desenvolvemento social e económico.

Como actuación paliativa de inicio nesta situación, e insistindo en que é o concello quen ten a obriga de buscar e dar solucións, o BNG propón a implantación inmediata dun servizo municipal de baleirado de pozos negros e fosas sépticas para atender as necesidades da veciñanza que se vexa afectada pola limitación da rede de saneamento, extensible tamén a centros sociais e pequenos negocios.

As principais vantaxes deste servizo, que debería estar subvencionado en parte polo Concello, serían: o correcto traslado e xestión dos residuos; o respecto total ao medio ambiente e á saúde; a facilidade e axilidade do servizo; e por último, unha importante bonificación económica para os veciños e veciñas, con exencións ou redución de tarifas en fogares con dificultades económicas.

Na actualidade, este servizo está funcionando en concellos como Mondariz, Tomiño ou Ponteareas, naquelas parroquias que non están cubertas pola rede de sumidoiros, con moi boa acollida e resultado. No caso de Gondomar, e aproveitando a adquisición dun camión cisterna con cargo ao plan concellos, só faltaría a ordenanza, porque o concello dispón dos medios para desenvolver esta función.

Tamén é inadmisible a situación padecida por persoas que, tendo a posibilidade de conectar as súas vivendas á rede municipal de saneamento, vense prexudicadas por cuestións burocráticas ou económicas que dificultan o seu acceso a este servizo. É o caso de precisaren para o enganche da realización de pequenas obras en estradas ou beirarrúas de competencia autonómica ou provincial, atopándose coa esixencia por parte da Xunta ou da Deputación, de constituíren depósitos económicos, fianzas, permisos, etc., condicións ás veces excesivas polas cantidades a abonar ou o tempo de demora, que en ocasións teñen inducido á renuncia das solicitudes de conexión. Consideramos que é función do goberno municipal a negociación de acordos ou convenios con estas institucións, de cara a facilitar a adhesión ao servizo, en igualdade de condicións, a todas as vivendas que dispoñan da posibilidade de conexión, evitando situacións de exclusión por cuestións económicas ou burocráticas.

Finalmente, e para coñecemento desta Corporación e da veciñanza en xeral, queremos informar das eivas atopadas polo BNG para acceder á información relativa ao número actual, por parroquias e barrios, de vivendas existentes no termo municipal e destas, das que dispoñen de conexión á rede municipal de saneamento. Unha información que vén sendo solicitada dende o mes de agosto e, malia ter dereito a dispor dela, a día de hoxe segue sen ser facilitada.

Por todo o exposto, o BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción dos seguintes

ACORDOS:

- Instar ao goberno municipal a redactar a ordenanza precisa para establecer o funcionamento dun servizo municipal de baleirado de pozos negros e fosas sépticas que atenda as necesidades de vivendas, de centros sociais e pequenos negocios que non estean cubertos pola rede de sumidoiros.

- Instar ao goberno municipal a negociar acordos ou convenios con Xunta ou Deputación, de cara a facilitar o enganche, de todas as vivendas en igualdade de condicións, aos condutos de saneamento cando se precise de actuacións en estradas e beirarrúas da titularidade desas institucións, de xeito que non vexan encarecida a súa conexión con respecto ás tarifas establecidas para ese fin no concello.

- Requirir do goberno municipal fixar como prioridade a consecución, a medio prazo, do saneamento integral do concello, mediante a redacción dun programa anual de investimentos provenientes do goberno da Xunta de Galiza, tamén con competencias nesta materia; de proxectos municipais presentados ao Plan Concellos da Deputación; e de fondos propios do concello incluíndo partidas a tal fin no orzamento municipal.

- Instar ao goberno municipal a buscar alternativas aos sistemas convencionais de saneamento. Por exemplo, evitando os sistemas de bombeo, que acaban dando problemas de funcionamento e encarecendo o mantemento, a comezar polo previsto para os barrios de Zapa e Loureiro, en Chaín, nas fases seguintes á primeira da que van comezar as obras en breve.

- Esixir do concello entrega inmediata dos datos solicitados polo BNG a respecto do número actual de vivendas existentes no concello e das que dispoñen do servizo municipal de saneamento, clasificados por parroquias e barrios.